



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

Unidade Tramitadora:	
Edificabilidade - LPM	
Número expediente:	Documento:
	EDI15I38E
4D122A0P354Q5O6X02VT	

INFORME DOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPALES - OBRAS E URBANISMO

Expediente: **CON/55/2020**

Asunto: **Análise da xustificación de oferta con valores anormalmente baixos presentada pola empresa CONSTRUCTORA E INGENERÍA MESSI SL respecto a obra "ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO XULGADO DE NARÓN (ANTIGO CONCELLO)"**

Orzamento base de licitación: **122.721,68€**

Prazo de execución: **catro meses**

Solicitante: **Servizo de Contratación**

A abaixo asinante, en calidade de arquitecta técnica municipal do Concello de Narón, en relación co asunto de referencia emite o seguinte

INFORME:

1. Obxecto

O presente informe ten por obxecto a valoración da xustificación da oferta anormalmente baixa detectada durante a licitación para a contratación da obra de " ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO XULGADO DE NARÓN (ANTIGO CONCELLO)" conforme o establecido no PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO (MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS) DA OBRA "ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO XULGADO DE NARÓN (ANTIGO CONCELLO)" COMPRENDIDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 2/2021 (en adiante PCAP).

En sesión celebrada o pasado 3 de novembro de 2021, a Mesa de Contratación Permanente para a Alcaldía do Concello de Narón, procedeu, entre outros, a valorar as ofertas presentadas á citada licitación.

En base á cláusula 15.4.2 do PCAP, considerouse en principio como anormalmente baixa a oferta presentada pola empresa CONSTRUCTORA E INGENERÍA MESSI SL ao ofertar un prezo de 109.919,05 € (IVE incluído), o que supón unha baixa do 10,43 % respecto ao orzamento base de licitación, que ascende a 122.721,68 € (IVE incluído).

Requirida a empresa para a súa xustificación, esta é achegada con data 12 de novembro a través da Plataforma de Contratación do Estado, sendo trasladada a estes Servizos Técnicos para a súa admisión ou non na licitación, o cal é obxecto deste informe.

2. Documentación requirida

A teor da cláusula 15.4.3 do PCAP, os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, dentro do prazo concedido para o efecto deberán presentar para



xustificación a oferta, por medios electrónicos, e asinada electrónicamente, a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados:

A. Materiais

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores
- Prezos unitarios detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B. Maquinaria

B.1 Alugueiro e/ou contratación

- Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

2. Volume de obra:

Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada:

Xustificarse mediante a achega da nómina e Boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación e declaración do volume de obra contratada

4. Cumprimento das Obrigas Salariais.

Presentarse declaración e xustificación de cumprimento de obrigas salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos.

5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.

3. Documentación presentada

Obsérvase que a documentación presentada non se axusta a requirida na cláusula 15.4.4 do PCAP e non xustifica adecuadamente a oferta.

4. Conclusións

Por todo o anterior, infórmase **desfavorablemente** a xustificación da oferta anormalmente baixa presentada pola empresa CONSTRUCTORA E INGENIERÍA MESSI SL á licitación da obra de "ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO XULGADO DE NARÓN (ANTIGO CONCELLO)" xa que non explica satisfactoriamente a proposta presentada conforme ao establecido no PCAP.

O que se pon en coñecemento da Mesa de Contratación para os efectos oportunos.